

BASES CONCURSO FOTOGRAFÍA “PAULINO APRETA O BOTÓN”

1ª PARTICIPANTES:

Poderán participar no concurso os alumnados dos centros de ensino de primaria e secundaria (CEIP e ESO) do concello de Nigrán.

Educación Primaria:

- C.E.I.P Humberto Juanes (Nigrán)
- C.E.I.P Mallón (Nigrán)
- C.E.I.P Carlos Casares (Vilariño)
- C.E.I.P da Cruz (Camos)
- Colexio Público Integrado (Panxón)
- Colexio Ángel de la Guarda (Priegue)
- Colexio Estudio (Chandebrito)
- Colexio Educación Especial (Panxón)

Educación Secundaria (ESO):

- I.E.S. Val Miñor (Nigrán)
- I.E.S. Escuelas Pro Val (Nigrán)
- Colexio Ángel de la Guarda (Priegue)
- Colexio Estudio (Chandebrito)
- Colexio Educación Especial (Panxón)

Educación Especial:

- CEE Juan María de Parada.

Haberá dúas categorías que dependerán das idades dos participantes:

- ***Primeira categoría:*** 4º, 5º e 6º de primaria.
- ***Segunda categoría:*** ESO.

Nota: no caso do CEE Juan María, os titores dos participantes decidirán en que categoría irán incluídos.

2ª TEMÁTICA:

As/os participantes deberán presentar fotos feitas no concello de Nigrán, que sirvan como reclamo publicitario dalgúns dos aspectos turísticos, patrimoniais, gastronómicos, etc. do mesmo, pois cabe reseñar que a profesión de Paulino é a de axente de publicidade e que, polo tanto, todas e todos deben seguir os seus pasos para acadar unha imaxe que o xurado determinará como merecedora de ser premiada, a cal deberá aunar calidade, vistosidade e aporte publicitario.

3ª OBRAS:

Cada participante podrá presentar ***unha fotografía***, que debe ser orixinal e inédita e que non fose presentada con anterioridade noutros concursos, webs o calqueira outro medio dixital ou impreso.

Os participantes (a través dos seus pais, nais ou titores legais) responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.

As fotografías no poderán ser alteradas electrónicamente ni por calqueira outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de color e luminosidade, no caso de dúbidas o xurado podería solicitar ao autor o arquivo orixinal para a súa comprobación.

4ª PRESENTACIÓN:

As obras deberán adxuntarse en arquivo informático en formato JPEG, TIFF ou RGB, sendo o nome do arquivo o mesmo que o do título da obra.

5ª ENVÍO:

As obras deben ser enviadas por correo electrónico ao seguinte enderezo: concursocasaresnigran@gmail.com, indicando no asunto "***I Concurso de Fotografía: Paulino aperta o botón***".

Xunto coa fotografía enviarase un segundo arquivo en formato PDF, sendo o nome do mesmo "**DATOS**", no que deben figurar os seguintes datos do autor/a: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, teléfono de contacto (co nome do titular), correo electrónico e centro educativo ao que pertence.

6ª PRAZO DE ADMISIÓN:

O prazo para enviar as fotografías estará aberto dende as 00:00 horas do día **01 de xaneiro de 2023, ata as 23:59 horas do sábado 11 de marzo de 2023**. Non se admitirán as presentadas con posterioridade a esta data.

7ª PREMIOS:

- ***Primeiro Premio:*** unha placa conmemorativa co título, edición, ano e posición acadada no concurso + un libro de Carlos Casares.
- ***Segundo Premio:*** unha placa conmemorativa co título, edición, ano e posición acadada no concurso + un libro de Carlos Casares.
- ***Terceiro Premio:*** unha placa conmemorativa co título, edición, ano e posición acadada no concurso + un libro de Carlos Casares.

8ª FALLO:

O fallo do xurado producirase o 22 de abril de 2023 e será comunicado expresamente pola organización aos premiados antes da gala de entrega do 29 de abril de 2023, así como difundido polas entidades organizadoras mediante as súas habituais canles de comunicación.

9ª O XURADO:

O xurado estará formado por tres persoas que serán un fotógrafo de recoñecido prestixio e un representante de cada unha das entidades organizadoras (Concello de Nigrán e Fundación Carlos Casares), outorgando os premios atendendo a criterios de creatividade, funcionalidade e calidade técnica.

10ª DEREITOS DE AUTOR:

Das obras presentadas a propiedade intelectual e autorías serán sempre do/a autor/a. A organización deberá facer constar en futuras reproducións impresas o por calqueira medio dixital o nome do/a autor/a.

11ª ACEPTACION DAS BASES:

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada una destas bases e do fallo inapelábel do xurado.